

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E MANAIA, ASOCIACIÓN GALEGA DE ADOPCIÓN E ACOLLEMENTO, PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA PREPARACIÓN, APOIO E ACOMPAÑAMENTO ÁS FAMILIAS ADOPTIVAS E ACOLLEDORAS NO ANO 2024.

Santiago de Compostela, (na data da sinatura dixital)

REUNIDOS

Dunha banda, dona (...), conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Xuventude, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, ao abeiro da disposición transitoria do dito Decreto 42/2024, do 14 de abril, a resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

E doutra, (...), con DNI (...), presidenta de "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" con NIF (...), con domicilio social na rúa (...), actuando en calidade de representante da entidade en virtude do seu nomeamento por acordo da Asemblea Xeral, de conformidade co disposto nos artigos 11º e 12º dos seus Estatutos, inscritos no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia por resolución de 26/07/2006 co núm. 2006/9774-1ª, conforme á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. As Administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e máis o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da entón Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Segundo. A Constitución española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que as persoas menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

Terceiro. A Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro e, en virtude da dita competencia aprobáronse a Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Cuarto. A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 14.1.b) do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, ao abeiro da disposición transitoria do dito Decreto 42/2024, do 14 de abril, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Xuizamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, o Decreto 42/2000 do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro, na Lei orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia e a Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e na Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia fronte á violencia.

Quinto. “MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento” é unha entidade sen ánimo de lucro de natureza asociativa constituída e inscrita no Rexistro de Asociacións co nº 2006-9774-1, que se rexe polos seus estatutos e pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e demais normativa aplicable e que ten entre os seus fins, fomentar no ámbito de Galicia a adopción, nacional e internacional e o acollemento; facilitarlle ás familias galegas axuda para levar a cabo os procesos de adopción ou acollemento e colaborar coas administracións públicas para facilitar os procesos de adopción e acollemento, segundo consta no artigo 5 dos seus estatutos.

A entidade figura recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co núm. E-6183.

Sexto. A adopción é unha medida de protección dirixida á persoa menor de idade en situación de desamparo, consistente na integración definitiva desta nunha familia distinta á súa familia de orixe.

A Xunta de Galicia promove a adopción dunha persoa menor cando, valorada a súa situación e circunstancias, se constate a inviabilidade da permanencia definitiva ou da reintegración na súa familia de orixe, responda ao interese daquela e constitúa a medida máis axeitada para atender as súas necesidades.

A dita medida determina a selección dunha familia idónea para o neno ou a nena que a necesita. Polo tanto, é fundamental que a familia estea preparada e conte coas estratexias precisas para afrontar o reto de crear unha nova familia, que sexa coñecedora das situacións que se lle poidan presentar, das distintas etapas polas que vai pasar e dos recursos aos que poder acudir.

Un dos factores que, sen dúbida, axudan a garantir o éxito no proceso adoptivo é a formación continua e o apoio familiar, tanto dende un punto de vista emocional como estratéxico e educativo, sendo necesario reforzar o acompañamento e o apoio ás familias adoptantes e acolledoras para dotalas de competencias no manexo das dificultades e necesidades específicas das persoas menores adoptadas.

"MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento", vén desenvolvendo un "Programa de apoio e acompañamento ás familias adoptivas e acolledoras", de importante interese social, nas catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

A execución material do programa materialízase a través da concesión dunha subvención directa outorgada mediante a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" a cal está especializada no ámbito da infancia, coa realización dun traballo orientado a garantir o dereito das nenas e nenos que o necesitan, a vivir en familia achegando ás familias adoptantes e acolledoras a realidade adoptiva de Galicia, así como promocionar espazos de reflexión en busca de alternativas reais ao iniciar novos procesos adoptivos.

Por outra banda, "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" achega o valor engadido de cofinanciar o desenvolvemento do programa con fondos achegados por outras administracións públicas, privadas e tamén con fondos propios da entidade.

Sétimo. A Consellería de Política Social e Igualdade considera de especial importancia favorecer a programas como o que se describe, a través do cal a referida Asociación achega un punto de vista único para desenvolver a actividade obxecto do programa a subvencionar a través deste convenio, debido a que enfoca o seu traballo dende a perspectiva de familias adoptantes e acolledoras que poden transmitir en primeira persoa a experiencia característica deste proceso.

O programa financiado ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade de interese social que se ampara no artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaríanse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario.

A financiación deste programa, exclúe o ánimo de lucro e non pode satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 24 de febreiro do 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Esta entidade ten acreditado, a través dunha declaración responsable, que se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social.

Tendo en conta o que antecede, a Consellería de Política Social e Igualdade considera idóneo o impulso a "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" para a execución do



Programa "Preparación, Apoio e Acompañamento ás Familias Adoptivas e Acolledoras" no ano 2024.

En virtude do exposto, ambas as dúas partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que se desenvolverase de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é o financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade a "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" a través da concesión directa dunha subvención pública para o desenvolvemento, na Comunidade Autónoma de Galicia, do "Programa de preparación, apoio e acompañamento ás familias adoptivas e acolledoras" do que é titular a dita entidade, mediante o cal se facilita o adecuado desenvolvemento, na súa nova vida, da persoa menor adoptada mediante a orientación, o asesoramento, acompañamento e apoio especializado ás familias adoptantes e acolledoras e/ou ás persoas menores.

SEGUNDA. BENEFICIARIOS/AS DO PROGRAMA

Son beneficiarios/as do programa as persoas menores adoptadas e acollidas así como as familias adoptantes e acolledoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

TERCEIRA. OBXECTIVOS E CONTIDO

O obxectivo do programa é ofrecer información, orientación, acompañamento e apoio ás persoas menores adoptadas e acollidas así como ás familias adoptantes e acolledoras para dotalas de competencias no manexo das dificultades e necesidades específicas das persoas menores adoptadas.

Para a súa consecución desenvolveranse as seguintes actividades:

- Atención telefónica, electrónica e presencial ás familias en proceso de adopción e ás familias adoptivas e acolledoras co fin de dar orientación e asesoramento en situacións problemáticas que poidan xurdir.
- Creación de grupos de apoio, escolas de nais e pais e obradoiros específicos coa presenza de familias con experiencia na adopción de menores e profesionais especializados para dotar ás familias de recursos e habilidades imprescindibles para a integración social da persoa menor e a súa vinculación familiar.
- Realización de encontros anuais entre familias en proceso de adopción e adoptivas e acolledoras, abertas ás persoas interesadas nesta materia, coa presenza de profesionais de recoñecido prestixio para achegar a realidade da experiencia diaria de integración dunha



persoa menor nacional ou doutro país ás familias que se atopen neste proceso.

- Organización de congresos, simposios e xuntanzas en materia de adopción.

O detalle correspondente ás actividades indicadas anteriormente reflíctense no anexo II Programa de preparación, apoio e acompañamento ás familias adoptivas e acolledoras.

CUARTA. COMPROMISOS DE "MANAIA, ASOCIACIÓN GALEGA DE ADOPCIÓN E ACOLLEMENTO"

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas de "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento":

- a) Cumprir os requisitos para obter a condición de entidade beneficiaria estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades do programa, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial da subvención concedida, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- c) Xustificar ante a Consellería de Política Social e Igualdade o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Consellería de Política Social e Igualdade, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Comunicarlle á Consellería de Política Social e Igualdade a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos nas cláusulas deste convenio, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación

e control.

- h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do programa e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e o artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- j) Asemade "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- k) Subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade, previo requirimento, toda a información necesaria sobre o cumprimento por "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" das obrigas previstas segundo o programa establecido no Anexo II, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- l) Comprometerse a empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do presente programa, incluído a información en páxinas web.

QUINTA. SUBCONTRATACIÓN

Para a execución do presente programa "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" poderá subcontratar con outras entidades no marco que permite a Lei 9/2007, de 13 de xuño.

A entidade subcontratada quedará obrigada soamente ante "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" a cal asumirá a total responsabilidade da execución da subvención fronte a Administración.

A actividade a subcontratar relativa ao asesoramento xurídico será dun 10 % da contía total do programa.

A entidade subcontratada non terá acción directa fronte á Consellería de Política Social e Igualdade polas obrigas con "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" como consecuencia da execución da subvención principal e dos subcontratos.

SEXTA. PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

Para o desenvolvemento do programa obxecto de subvención a través deste convenio, "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" disporá de persoal especializado nesta área de actuación, con dedicación exclusiva.

O persoal que "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" poña a disposición deste



programa en ningún caso poderá actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social e Igualdade, debendo ser a citada entidade a que imparta as oportunas ordes ao seu persoal e a que ostente respecto destes o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos, obrigas, riscos e responsabilidades inherentes á súa condición de entidade empregadora.

A formalización do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que desenvolvan o programa a subvencionar a través do dito convenio e a Consellería de Política Social e Igualdade, polo que non se lle poderá esixir a esta, responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

SÉTIMA. FINANCIAMENTO, XUSTIFICACIÓN E CONTROL

1. O custo total do programa é de oitenta e tres mil cincuenta euros (83.050,00 €), dos que a Consellería de Política Social e Igualdade contribuirá ao financiamento cunha contía global de sesenta e cinco mil cincocentos euros (65.500,00 €), que se financiará con cargo á partida orzamentaria 38.02.312B.481.0, na que existe crédito axeitado e suficiente.

A subvención límitase ao financiamento dos gastos que aparecen desagregados no Anexo I e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade beneficiaria.

Así mesmo, "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" comprométese a achegar a cantidade de dezasete mil cincocentos cincuenta euros (17.550,00 €) procedentes de fondos propios da entidade e/ou de subvencións recibidas por esta.

Ditas cantidades destinaranse a soportar os gastos que aparecen desagregados no anexo I. Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada por cada unha das partes no convenio non varíe.

2. O pagamento da subvención realizarase a "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento", en aplicación dos artigos 26.4 e 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, do seguinte xeito:

a) Tras a sinatura do presente convenio poderán realizarse pagamentos parciais a conta, ata un máximo de 52.400,00 € (80% da cantidade anual subvencionada), a medida que se xustifique a realización das actividades descritas no programa a subvencionar a través deste convenio, do seguinte xeito:

1º. A cantidade 19.150,00 € (80% dos 18.000 primeiros euros máis o 10% dos 47.500,00 euros restantes), será satisfeita no intre no que se asine o convenio, co obxecto de que se poidan cubrir os custos por gastos inmediatos para a posta en marcha do programa. O emprego desta cantidade xustificárase mediante as correspondentes facturas antes do derradeiro pagamento.

A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha entidade das características determinadas no artigo 65.4 f) do dito Decreto.

2º. Ata 33.250,00 € pagaranse a medida que se xustifique, de acordo co punto 3, a actividade descrita no programa a subvencionar por este convenio.



b) Os 13.100,00 € restantes (20% da cantidade subvencionada), pagaranse unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

3. A actividade e os gastos que poidan ser subvencionables, deben xustificarse previo ao aboamento da subvención de conformidade ao previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A tal efecto "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" debe presentar:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos e que debe incluír os seguintes apartados:

1º. Xustificación do gasto.

2º. Actividades realizadas.

3º. Recursos económicos, materiais e de persoal empregados.

4º. Valoración global.

5º. Accións de innovación e investigación.

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1º. Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, coa identificación da persoa acreedora e do documento, o importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pago. No caso de que a subvención se outorgue consonte a un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.

2º. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior á documentación acreditativa do pago. As mesmas serán cotexadas por parte do órgano encargado do control da documentación presentada e estampadas cun selo que acredite a súa imputación ao programa a subvencionar polo convenio.

3º. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia no ordinal 1º.

4º. Os tres orzamentos que, en aplicación do art. 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deba solicitar a entidade beneficiaria da subvención cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 15.000 euros no suposto de prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica. A entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo salvo que, polas especiais características dos gastos subvencionables, non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou,



se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria, cando esta non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

c) En canto aos custos salariais, "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" deberá presentar, referida á mensualidade ou mensualidades durante as que se desenvolva o programa, a seguinte documentación:

1º. Relación nominal das persoas traballadoras que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.

2º. Recibos de salarios.

3º. Recibo de Liquidación de Cotizacións (RLC) e Relación Nominal de Traballadores (RNT) correspondentes ao meses imputados.

4º. Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190).

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia, ou cargo bancario correspondente, que acredite a realización do seu pago.

A cantidade a imputar á actividade subvencionada será do 100% do gasto do persoal técnico, cando este dedica o total da xornada a desempeñar tarefas das actuacións subvencionadas; no caso de dedicación inferior á xornada contratada, o gasto imputado será proporcional á súa dedicación a ditas actuacións. Neste último suposto, se non se atopase diferenciado na nómina e nesta se inclúen outros conceptos retributivos, achegarase un cálculo xustificativo da imputación efectuada segundo o criterio de horas da actuación realizada en relación co total de horas traballadas.

A subvención cubre os gastos salariais e de Seguridade Social, polo que as liquidacións, complementos extra salariais ou indemnización de fin de contrato non se poden imputar. Tampouco serán subvencionables, as vacacións pagadas, pero non desfrutadas, nin as horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.

Nas baixas por IT e maternidade:

- No caso de substitución da persoa traballadora titular subvencionaranse os custos que ocasiona a persoa traballadora que a substitúe.

- No caso de que non se substitúa a persoa traballadora titular, o importe non usado deberá reintegrarse na súa totalidade, excepto a liquidación das pagas extras cando o convenio colectivo de aplicación recolla para este suposto a obrigatoriedade do seu pagamento.

d) En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, a Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica poderá consultar a través dos medios electrónicos dispoñibles, os datos incluídos nos documentos que a continuación se indican elaborados polas administracións públicas, agás oposición expresa de "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento", en cuxo caso deberá achegar a documentación acreditativa do cumprimento da dita obriga para o outorgamento da subvención:

1º. NIF da entidade.

2º. DNI ou NIE da persoa representante.

3º. Certificado sobre o cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

4º. Certificado sobre o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

5º. Certificado sobre o cumprimento das obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso da imposibilidade da obtención dos citados datos poderase solicitar a “MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento” a presentación dos documentos correspondentes.

4. A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024 e deberá presentarse na Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica con data límite do 23 de decembro de 2024.

“MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento”, comprométese á presentación dos documentos xustificativos do gasto da seguridade social para o mes de decembro e o impreso de liquidación nominal do IRPF do cuarto trimestre, unha vez obren no seu poder e en calquera caso non máis tarde do 31/01/2025.

“MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento”, no momento da xustificación da execución total do programa e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentará unha declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo programa, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

5. “MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento” deberá someterse ás actuacións de comprobación que a Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica poida requirirlle para a debida xustificación da axuda concedida e do cumprimento dos fins do programa subvencionado a través deste convenio, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Así mesmo, suxeitarase ao disposto nos artigos 11.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño e 14.c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, ademais de comprometerse ao cumprimento do resto das obrigas do artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.

“MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento” deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

OITAVA. COMPATIBILIDADE

Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrancia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

En todo caso a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

NOVENA. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes ~~de estes~~ datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derivada da concesión directa da subvención a través do dito convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

A entidade esixiralle, tanto ao persoal propio como a aquel persoal voluntario que participe no programa, un compromiso de confidencialidade sobre aqueles datos aos que teñan acceso pola súa participación no programa.

“MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento” tratará os datos coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución do seu programa subvencionado a través deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto.

“MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento” será cesionaria da información que lle subministre a Consellería de Política Social e Igualdade e será responsable do tratamento da información. Os datos persoais aos que teña acceso non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

DÉCIMA. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dous representantes de “MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento” designados polas persoas que representen a cada unha das partes, así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a que asuma a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, designada pola persoa titular da Presidencia.

Como órgano Colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.”

DÉCIMO PRIMEIRA. VIXENCIA

O presente convenio estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Non obstante, os gastos das actuacións englobadas nas actividades do programa descritas na cláusula terceira do presente convenio que realizase a entidade dende o 1 de xaneiro de 2024 tamén poderán ser subvencionadas ao abeiro deste convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- MODIFICACIÓNS.

Tal como se indica no art.17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderá dar lugar á modificación do convenio, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

DÉCIMO TERCEIRA. NATUREZA XURÍDICA E CUESTIÓNS LITIXIOSAS

1. O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro.

2. As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderase interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO CUARTA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN E EFECTOS DA MESMA

Serán causas de resolución do presente convenio:

- Incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- A aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- O transcurso do tempo fixado sen que se execute o programa obxecto da subvención.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fose o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá exixir a “MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento” o reintegro das cantidades achegadas, segundo o establecido na cláusula sétima e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, previa resolución ditada ao abeiro do establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da citada Lei 9/2007, procederá ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO QUINTA. COMUNICACIÓN, DIVULGACIÓN E PUBLICIDADE

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano no lugar e data da súa sinatura dixital.



Dunha parte a administración concedente da
subvención:
POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E
IGUALDADE
A conselleira,

(...)

Doutra a entidade colaboradora do
programa:
POR "MANAIA, ASOCIACIÓN GALEGA DE
ADOPCIÓN E ACOLLEMENTO"
A presidenta,

(...)



ANEXO I

DESGLOSE DE GASTO PARA A EXECUCIÓN DO CONVENIO 2024 CONVENIO DE COLABORACIÓN CON "MANAIA, ASOCIACIÓN GALEGA DE ADOPCIÓN E ACOLLEMENTO"			
Concepto	MANAIA	Xunta de Galicia	TOTAL
Gastos de xestión das actividades (nóminas)	12.500,00 €	39.500,00 €	52.000,00 €
Dietas/desprazamentos	2.200,00 €	3.800,00 €	6.000,00 €
Actividades, conferencias, obradoiros...	1.400,00 €	17.250,00 €	18.650,00 €
Comunicacións e gastos informáticos	400,00 €	1.100,00 €	1.500,00 €
Gastos de administración e xestión	600,00 €	1.800,00 €	2.400,00 €
Outros gastos - Material de oficina, didáctico, diversos - Gastos de difusión - Gastos de difícil xustificación	450,00 €	2.050,00 €	2.500,00 €
Total Convenio	17.550,00 €	65.500,00 €	83.050,00 €



ANEXO II

ÍNDICE

1.- XUSTIFICACIÓN

- 1.1.- Evolución da adopción e o acollemento familiar
- 1.2.- Necesidades das familias
- 1.3.- Necesidades das nenas e nenos adoptados e acollidos

2.- PREPARACIÓN, APOIO E ACOMPAÑAMENTO ÁS FAMILIAS ADOPTIVAS E ACOLLEDORAS

- 2.1.- Obxectivos
- 2.2.- Accións
- 2.3.- Como e onde
- 2.4.- Recursos

3.- ACTIVIDADES DO PROGRAMA

- 3.1.- Encontros familiares e Xornadas Formativas
- 3.2.- Obradoiros de familia e grupos de apoio
- 3.3.- Congresos, Simposiums, Xuntanzas...
- 3.4.- Coordinación e atención individualizada
- 3.5.- Cadro orientador obxectivos/actividades/beneficiarios

4.- ORZAMENTO

1.- XUSTIFICACIÓN

A adopción e o acollemento son medidas de protección dirixidas a persoas menores de idade en situación de desamparo. A primeira consiste na integración definitiva destas nunha familia distinta á súa familia de orixe e a segunda promove a integración temporal na familia extensa ou nunha familia allea, realizándose en



diferentes modalidades: de urxencia, temporal, permanente, vacacional...

A adopción é un dereito das nenas e dos nenos e o seu propósito é buscar unha familia para aquelas e aqueles que a necesitan. Polo tanto, é fundamental que a familia estea preparada e conte coas estratexias precisas para afrontar o reto de crear unha nova familia, que sexa coñecedora das situacións que se lle poidan presentar, das distintas etapas polas que vai pasar, dos recursos aos que poder acudir, etc.

O acollemento é un recurso de protección temporal e revogable, orientado ao coidado de nenos, nenas ou adolescentes que se atopan privados dunha adecuada atención pola súa familia, aínda que sexa circunstancialmente e consiste en confiar o seu coidado a unha persoa ou familia que reúna as condicións persoais, educativas e materiais necesarias para proporcionarlle unha vida familiar.

Un dos factores que, sen dúbida, axudan a garantir o éxito no proceso adoptivo e acolledor é a formación continua e o apoio familiar, tanto dende un punto de vista emocional como estratéxico e educativo.

"MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" leva xa 16 anos traballando en adopción e, os últimos 4 tamén en acollemento, ofrecendo ás familias de Galicia un espazo de atención, de información e de formación, onde poder expresarse e formarse sobre os distintos aspectos que a maternidade e paternidade adoptiva e acolledora teñen de especial. Con 107 familias socias é a asociación máis numerosa e activa de todo o territorio galego e, nestes intres, leva cinco anos executando este programa de atención personalizada a través dun convenio coa Xunta de Galicia, desde a súa sede na Casa Azul de Pontevedra, por medio do teléfono 688 927 124, do website www.manaia.gal, do mail manaia@manaia.gal e das redes sociais en www.facebook.com/adopcionmanaia, ademais de facelo presencialmente nos sete concellos máis grandes de Galicia unha vez ao mes, coa intención de facerllo chegar ao máximo posible de familias.

O asesoramento xurídico, como parte da actividade do programa, prestarase a través da contratación de Faiben, Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar. A dita entidade contará cunha persoa contratada a tempo completo como asesor xurídico para realizar diferentes tarefas, cunha porcentaxe de participación no proxecto do 10%, que tería as seguintes funcións: Informar sobre cuestións legais específicas, orientar e asesorar ás familias adoptivas e acolledoras, recompilar información e normativa de referencia, etc.

É por iso que se presenta este Programa, coa fin de poder estar o máis preto posible das aproximadamente 3.000 familias adoptivas galegas, das case 1.500 propostas de adopción que esperan chegar a termo, das máis de 3.500 nenas e nenos adoptados, das aproximadamente 800 familias acolledoras e das 1.005 nenas e nenos acollidos que viven en Galicia, tentando promover o máximo de accións para facilitar a súa integración familiar, social e escolar e facilitando que sexan quen de cubrir as súas necesidades, e, como non, traballando para que as aproximadamente 1.000 nenas, nenos e adolescentes que viven en centros poidan ter a oportunidade de facelo



nunha familia.

1.1.- Evolución da adopción e o acollemento familiar

Nestes últimos tempos estanse a producir profundos cambios no mapa adoptivo. Cambios que afectan aos aspectos lexislativos, dentro e fóra do noso país, ás características das nenas e nenos adoptables, e á evolución do concepto de adopción e das diferentes formas de levala a termino. Todo isto está a xerar importantes transformacións nos procesos e nos tempos adoptivos e se precisa que todas as familias afectadas teñan a información necesaria para entendelos.

Ao mesmo tempo está medrando o interese social sobre o acollemento familiar, en boa parte polo gran traballo de entidades e asociacións, e estanse a poñer sobre a mesa novas modalidades, como o acollemento profesionalizado e leis que promulgan a necesidade de que ningún menor de 6 anos teña que criarse nun centro priorizando o acollemento familiar tanto en extensa coma en allea.

O obxectivo de “MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento” é facer visibles estes cambios, achegar ás familias adoptantes e acolledoras e aos profesionais a realidade adoptiva e acolledora de Galicia, así como promover espazos de reflexión e busca de alternativas reais ao iniciar novos procesos adoptivos ou acolledores.

1.2.- Necesidades das familias

A experiencia de “MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento”, a das 19 asociacións que forman CORA (Coordinadora de Asociacións de Adopción e Acollemento) e a das 21 asociacións que forman a ASEAF (Asociación Estatal de Acogimiento Familiar), amosan que moitas familias precisan, nalgún momento da súa historia, algún tipo de apoio. Ás veces soluciónase con expresar sensacións e facelas comúns ao atopar a outras persoas que pasaron polo mesmo, outras veces chega cunha pequena axuda a modo de charla ou obradoiro que faga entender e sincronizar pequenos desaxustes e outras precisase de atención profesional concreta e, sobre todo, especializada. En conclusión, estas familias teñen unhas necesidades comúns:

- Integrar a nenas, nenos e adolescentes cuxa pericia vital xerou dano emocional.
- Coñecer as necesidades específicas das nenas, nenos e adolescentes que adoptaron ou acolleron.
- Axudarlles a facer fronte e reparar as vivencias e emocións derivadas da separación da súa familia de orixe.
- Superar crenzas e prácticas habituais na cultura adoptiva na que as orixes se abordan desde o incógnito.
- Abordar con naturalidade e claridade explicacións sobre a historia de vida e a condición adoptiva ou acolledora das nenas, nenos e adolescentes.
- Comprender e facer fronte ás dificultades de comportamento e socio-emocionais das nenas, nenos e adolescentes.
- Protexer a nenas, nenos e adolescentes procedentes doutras etnias de



- actitudes xenófobas e facilitar o proceso de identificación e identidade.
- Entender o xeito no que a súa condición de persoas adoptadas ou acollidas pode afectar as súas vidas.
- Coñecer os seus dereitos e obrigas e abordar con seguridade os trámites administrativos relacionados.

1.3.- Necesidades das nenas e nenos adoptados e acollidos

As nenas e nenos adoptados ou acollidos, en moitos dos casos, presentan unhas necesidades específicas que dende as familias é moi importante atender, polo que precisan:

- Un ambiente de estabilidade e seguridade.
- Ser aceptados incondicionalmente a pesar das súas dificultades.
- Reparar os danos sufridos anteriormente e que lle puideron supoñer secuelas, trastornos e dificultades de todo tipo.
- Coñecer experiencias de éxito, eficacia e recoñecemento que axuden a mellorar a súa autoestima.
- Coñecer e saber o que lles sucedeu, os motivos polos que foron entregados en adopción ou acollemento e poder falar delo.
- Ter unha historia persoal e familiar completa e coherente coas súas identidades.
- Reconciliarse coa súa historia e integrarse nos seus dous mundos.
- Dispor dun legado propio procedente da súa familia de orixe.
- Recibir apoios especializados en momentos como a adolescencia ou o proceso de emancipación para minimizar riscos de conflito ou distanciamento familiar.
- Compartir experiencias, vivencias e apoio mutuo entre iguais, nenas, nenos e adolescentes adoptados e/ou acollidos.

2.- PREPARACIÓN, APOIO E ACOMPAÑAMENTO ÁS FAMILIAS ADOPTIVAS E ACOLLEDORAS

As asociacións observan a necesidade de que a formación e orientación das familias mellore substancialmente e que as propias familias adoptantes ou acolledoras se incorporen e comprometan no proceso de formación para preparalas, desde a súa experiencia familiar, para afrontar as dificultades que xorden durante a integración da persoa menor na familia e nas súas diferentes etapas evolutivas, tal como manifestan moitos profesionais de referencia, coma por exemplo Jesús Palacios.

Con esta intención “MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento” quere continuar co seu servizo de información, preparación e acompañamento, en calquera momento do proceso, para familias adoptantes e acolledoras e familias interesadas nestes eidos, dende a propia perspectiva das familias que forman a asociación, perspectiva única xa que parte non só da formación senón tamén da propia experiencia.



Ao mesmo tempo con este programa, preténdese dar un espazo propio ás persoas adoptadas e acollidas onde poidan compartir as súas inquedanzas, formarse en temas de interese e participar activamente en calquera das accións sociais onde poidan estar presentes.

2.1.- Obxectivos

O obxectivo principal do programa é ofrecer a preparación, a orientación, o acompañamento e o apoio ás familias adoptivas e acolledoras para dotalas de competencias no manexo das dificultades e necesidades específicas das nenas e nenos adoptados ou acollidos e acompañar a estas persoas adoptadas e/ou acollidas no seu paso á idade adulta.

Obxectivos específicos:

- **Realizar formación de calidade** para todas e cada unha das partes que interveñen no proceso achegando a realidade da experiencia diaria da integración dunha nena, neno ou adolescente, nacional ou doutro país, ás familias adoptivas e ás familias acolledoras, dotándoas de recursos e habilidades imprescindibles para a integración social da nena, neno ou adolescente e a súa vinculación familiar.
- **Ofrecer acompañamento e apoio** contactando e concienciando ao máximo número de familias adoptivas e acolledoras posibles, e ás súas fillas e fillos, contribuíndo a normalizar as súas vivencias e ofrecéndolles un lugar de encontro independentemente do momento en que se atope a súa realidade.
- **Ofrecer acompañamento e apoio** específico ás persoas adoptadas e/ou acollidas que están na adolescencia ou na súa primeira adultez, nos que relacionarse entre iguais fóra do control parental, organizar actividades relacionadas coa adopción/acollemento, como por exemplo a busca de orixes ou a promoción da busca de persoas que sirvan de referentes.
- **Ofrecer todo tipo de información** relativa á adopción e ao acollemento de nenas, nenos ou adolescentes, tanto nacional como internacional dispoñendo do máximo de documentación actualizada en temas de interese e normativa relacionada.
- **Informar e formar a profesionais** implicados na atención e apoio a familias e persoas adoptadas e/ou acollidas, mediante a invitación ás actividades organizadas, a planificación de accións específicas e a facilitación de material específico.

2.2.- Accións

- Información

Ofrecer información real e veraz sobre todas as partes do proceso adoptivo e acolledor.

“MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento” é consciente da importancia que ten que as persoas interesadas na adopción ou o acollemento, incluíndo as persoas adoptadas e/ou acollidas, reciban información real e veraz



sobre trámites, países, OAAs, busca de orixes.... Esta información, na súa fase post adoptiva, é un referente único en Galicia.

- Formación

Ofrecer formación continuada ás familias adoptivas e acolledoras e ás persoas adoptadas e/ou acollidas.

Programa de formación e orientación ás familias no proceso de adopción e acollemento e transmisión de experiencias doutras familias, que faciliten a comprensión da paternidade e maternidade adoptiva e acolledora, para dotalas de competencias no manexo das dificultades e necesidades específicas das nenas, nenos e adolescentes, incluíndo tamén a formación a persoas adoptadas e /ou acollidas.

- Acompañamento

Ofrecer espazos de acompañamento de igual a igual, tanto individual como en grupo, onde as familias e as persoas adoptadas e/ou acollidas poidan expresar as súas inquedanzas e problemáticas sen sentirse xulgadas.

- Colaboración

Ofrecer colaboración a todas as partes implicadas no proceso. Servindo de ponte entre as diferentes asociacións, entidades, os Organismos Acreditados para a Adopción Internacional, Colexios Profesionais, Empresas adxudicatarias de Servizos Sociais, Centros Educativos...

2.3.- Como e onde

- Atención

Telefónica: Todos os días laborais laborables en horario de oficina.

Electrónica: Todos os días laborais laborables en horario de oficina.

Presencial: Tódolos días laborables na Sede de "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" e **1 día ao mes** en cada unha das **sete grandes cidades** de Galicia: A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo.

A atención presencial realizarase en locais cedidos a MANAIA.

Tamén se prestará atención personalizada noutras datas e horarios, sempre que a consulta o precise.

- Información

Web: 24 horas ao día e 365 días ao ano a través da web.

Información actualizada do funcionamento da asociación, servizos, axenda,



proxectos, biblioteca-videoteca, saúde na adopción e o acollemento, deducións e axudas, tramitación de adopción nacional e internacional, tramitación do acollemento, novas e enlaces a outros sitios de interese...

Atención: Mediante calquera das formas arriba citadas.

- Formación

Encontros familiares, ou de persoas adoptadas e/ou acollidas, e xornadas formativas un sábado ao ano e obradoiros de familia e grupos de apoio unha vez ao mes, en cada unha das sete cidades do proxecto, en locais cedidos polos concellos a esta entidade, así como congresos, simposiums, xuntanzas...

2.4.- Recursos

- Espazos

Os locais necesarios serán achegados gratuitamente por "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" nas sete cidades incluídas no proxecto.

- Recursos humanos

Cóntase cunha ampla rede de profesionais colaboradores especializados en adopción e acollemento ou nas diferentes áreas de formación que se desenvolven, tanto en territorio galego coma nacional.

Desde "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" cóntase con:

- **unha persoa** contratada a tempo completo como Coordinadora para realizar as diferentes tarefas necesarias para desenvolver o programa. Dita persoa conta con este perfil:

- Vinculación co eido adoptivo e acolledor.
- Experiencia e formación en temas relacionados coa adopción e o acollemento de máis de 10 anos.
- Boa comunicadora e con don de xentes.
- Con capacidade de facer de ponte entre as necesidades das familias adoptivas e acolledoras con outros suxeitos e os recursos que poden existir.

Funcións

- Informar sobre cuestións específicas da adopción e o acollemento a través do teléfono, vía correo electrónico ou presencialmente.
- Apoiar a familias en situacións de crise e facer de ponte coas especialistas.
- Orientar e asesorar as familias adoptivas e acolledoras.
- Recompilar información dos diferentes países: documentación requirida para a solicitude, trámites, listas de espera...
- Moderar obradoiros.
- Dirixir e moderar o *Programa de preparación, apoio e acompañamento ás familias adoptivas e acolledoras*.
- Asistir a congresos, seminarios ou xornadas que se organicen no ámbito nacional, ben como relatora ou como oínte, segundo demanda.
- Representar a "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" en CORA



(Coordinadora de Asociacións de adopción e acollemento).

- Colaborar con outras asociacións.
- Recibir e responder aos medios de comunicación, mesas redondas, entrevistas en radio e televisión.

- **unha persoa contratada a tempo parcial** como auxiliar para realizar as diferentes tarefas administrativas necesarias para desenvolver o programa e, ademais, asumir as actividades relacionadas coas persoas adoptadas e/ou acollidas. Dita persoa conta con este perfil:

- Vinculación co eido adoptivo ou acolledor, preferentemente achegada ás características do grupo de persoas adoptadas e/ou acollidas.
- Experiencia e formación en temas relacionados coa adopción e o acollemento.
- Boa comunicadora e con don de xentes.
- Con habilidades de xestión de grupos.
- Con capacidades administrativas.

Funcións

- Organizar as actividades das persoas adoptadas e/ou acollidas e atender as necesidades de dito grupo.
- Atender chamadas telefónicas, correo electrónico...
- Concertar citas para asesoramento persoal coas persoas que o demanden.
- Administrar o fondo documental: dar entrada, rexistro e saída do material.
- Enviar e recibir a correspondencia, clasificala e arquivala.
- Enviar a documentación e información necesaria.
- Redactar cartas ou calquera outro tipo de informe ou escrito necesario, ben para remitir ás persoas socias ou presentar á xunta Directiva para a súa aprobación.
- Xestionar as salas: calendario de charlas, talleres...
- Seguir a información que poida ser de interese para a asociación; BOPV, DOG, revistas... ou outro tipo de información procedente doutras institucións e empresas privadas.
- Contactar con persoas relatoras para impartir charlas.
- Recoller solicitudes das persoas participantes na charla.
- Recoller datos daquelas persoas que utilizan internet para realizar a solicitude de nova familia socia.
- Convidar a diferentes persoas ou estamentos a actividades organizadas pola asociación, coa finalidade de orientar, asesorar, acompañar e apoiar ás familias adoptantes e acolledoras e/ou ás persoas menores .

- Recursos técnicos

"MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" conta con ordenador, proxector, altafalante, é dicir, pode cubrir as necesidades técnicas do Programa con recursos propios.

- Traballo en rede

Mantén contacto con moitas das entidades que traballan no eido da protección á infancia e colabora con elas en multitude de actividades, tanto ofrecéndolles



formacións e información relevantes coma programando actividades conxuntas.

3.- ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Tódalas actividades son de balde e abertas a todas as familias adoptivas e acolledoras ou en espera, sexan ou non socias de "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento".

3.1.- Encontros familiares e Xornadas Formativas - Mínimo 7 ó ano

Actividades de carácter preparatorio e indicativo, coa presenza de profesionais de recoñecido prestixio, dirixidas a familias adoptivas e acolledoras e/ou a persoas adoptadas e/ou acollidas e abertas a todas as persoas interesadas con todo tipo de temática relacionada coa adopción e o acollemento en calquera dos seus momentos.

Esta actividade contará sempre con servizo de sala de xogos durante a súa duración, coa finalidade de que ningunha familia quede sen asistir por non ter quen coide das fillas e fillos.

Formato:

- Mañá: Charla/Coloquio.
- Mediodía: Xantar/pícnico.
- Tarde: Obradoiros e/ou actividades lúdicas.

Temporalización:

- 1 sábado ao ano en cada unha das sete cidades.

Duración:

- Mínimo 4 horas.

Metodoloxía:

- Charlas, conferencias, obradoiros, actividades lúdicas...

TOTAL:

- 1 sesión por cidade x 7 cidades = 7 sesións (mínimo 28 horas)

3.2.- Obradoiros de familia e grupos de apoio - Mínimo 77 ó ano

Posta en marcha de obradoiros de familia e grupos de axuda mutua específicos, moderados nalgúns casos polas propias familias e noutros por profesionais especializados. Terán metodoloxías participativas centradas nas demandas das propias familias que participen.

Temporalización:

- 1 ao mes en cada unha das sete cidades (agás agosto)

Duración:

- 2 horas.

Metodoloxía:

- Charlas, coloquios, debates, cinefóruns, obradoiros, GAMs (grupos de axuda mutua)...



TOTAL:

· 11 sesións por cidade x 7 cidades = 77 sesións (154 horas)

3.3.- Congresos, Simposiums, Xuntanzas...

"MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" organiza, colabora na organización, participa ou asiste a todo tipo de actividades relacionadas coa adopción e o acollemento, sempre que teñan como obxectivo analizar, estudar, informar ou mellorar o eido adoptivo e/ou acolledor, preferentemente no territorio de Galicia.

Dende a asociación organizamos xornadas formativas concretas, formación para entidades e colectivos profesionais e organizamos cada dous anos o Congreso Galego de Adopción e Acollemento, do que levamos catro edicións.

3.4.- Coordinación e atención individualizada

A persoa que ostenta a coordinación do programa é a encargada de programar, organizar e xestionar tódalas actividades descritas anteriormente, coa axuda da auxiliar administrativa, atendendo para elo as peticións expresas das familias e os temas que xorden na evolución da adopción e o acollemento.

Asemade, é tamén a encargada de ofrecer a atención e o asesoramento individualizado ás familias durante todo o ano, tanto na sede da asociación en horario de oficina coma desprazándose a cada unha das cidades onde se realiza o programa unha vez ao mes, garantindo o maior achegamento e proximidade posible a todas as persoas destinatarias do programa. Para a atención especializada de índole legal, a persoa coordinadora exercerá de ponte entre as familias e o asesor xurídico de Faiben. Tamén se encarga de tódalas actividades descritas nas súas funcións.

3.5.- Cadro orientador obxectivos/actividades/beneficiarios

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	BENEFICIARIOS
Realizar formación de calidade	• Encontros familiares e Xornadas Formativas • Obradoiros de familia e grupos de apoio • Congresos, Simposiums, Xuntanzas	• Familias e NNA
Ofrecer acompañamento e apoio	• Encontros familiares e Xornadas Formativas • Obradoiros de familia e grupos de apoio • Coordinación e atención individualizada	• Familias e NNA
Ofrecer todo tipo de información	• Coordinación e atención individualizada	• Familias e NNA
Atender as necesidades das persoas adoptadas e/ou acollidas	• Encontros e formación entre iguais.	• Familias e NNA